



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTA CONCELLO O 11 DE XANEIRO DE 2016

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA **CONVOCATORIA:** PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS

Alcalde-Presidente

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN

Concelleiro

D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO

Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA

Concelleira

D. ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS

Concelleiro do PP

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA

Concelleira

D. MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA

Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA

Concelleira

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR

Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE

Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS

Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

Concelleira

D. ROMÁN SUÁREZ PORTO

Concelleiro do PSdeG-PSOE

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

D. LUIS RENDO ARAUJO

Concelleiro

D. MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA

Concelleiro

D. EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. SILVIA NEIRA IGLESIAS

Concelleira

GRUPO MÓVETE

DNA. MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS

Concelleira

GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS

Concelleiro

SECRETARIA

DNA. LUCÍA ARTIME ALONSO

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas coarenta minutos do día once de xaneiro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José López Campos, reúnese no Salón de Sesiós o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para as vinte horas trinta minutos, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria do Concello, Dna. Lucía Artime Alonso

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión polo Sr. Alcalde, e antes de iniciar o debate, o Sr. Alcalde-Presidente da a benvida a todos os asistentes á sesión plenaria e de seguido dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 5 DE NOVEMBRO DE 2015.

2º.- APROBACIÓN INICIAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DA ESTRADA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS DE DATA 04/01/2016.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 5 DE NOVIEMBRE DE 2015. Apróbbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 5 de novembro de 2015, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- APROBACIÓN INICIAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DA ESTRADA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS DE DATA 04/01/2016.

Explica **D. Alberto Carracedo** que tráese o mesmo documento que se retirou de maio co obxecto de dar traslado aos traballadores para facer alegacións tras a sentenza que nos obriga a aprobar a RPT nun prazo de 6 meses. Ademais como consecuencia da aprobación da Lei de Emprego galega, requirese a aprobación inicial, exposición pública e aprobación definitiva. Neste caso danse por boas as alegacións feitas en maio polos traballadores, que serán válidas para este caso só coa ratificación nas mesmas por parte dos traballadores, e faranse os retoques que consideren necesarios polos cambios normativos producidos neste tempo.

Dª Belén Louzao, voceira socialista, di que o de decir que hai que facer retoques polos cambios normativos, parécelle bochornoso. Lles produce tremendo disgusto que se aprobe un documento a sabendas de que non cumpre coa normativa, que se retirou no seu momento por non contar co apoio nin dos traballadores nin dos sindicatos e agora, con total desfachatez, tráese a aprobación novamente o mesmo documento que foi retirado, sen cambiar unha coma. Di que adoce de vicio de forma a aprobación dun documento que non é legal, e iso ten un nome: desviación de poder. Ademais tanto os informes de Secretaría e Intervención, dende un punto de vista de fondo, son contararios. Recorda que o documento contén a creación de 54 novas prazas, e sen embargo a lexislación vixente dende maio de 2015 establece que non pode existir ningún posto que non estea dotado orzamentariamente. Pregunta cómo se vai facer esta dotación ademais de os dereitos recoñecidos aos traballadores en sede xudicial, que se necesitaría un novo informe económico. Di que non se pode apoiar este atraco aos traballadores.

Dª Mar Blanco, voceira de MOVETE, intervéñ dicindo que a RPT é unha ferramenta deseñada para conseguir unha definición clara das funcións e do organigrama municipal, para conseguir un funcionamento interno máis áxil e eficiente, pero esta RPT carece dos apoios fundamentais de sindicatos e traballadores, ademais de contar cos informes desfavorables de Secretaría e Intervención, por non axustarse á legalidade vixente. Polo que non entende o empeño do goberno municipal de aprobar unha RPT non desexada polo conxunto dos traballadores e que conculca a normativa.

D. Xosé Magariños, voceiro do BNG, di que este documento está ao mesmo tempo vivo e morto. Vivo porque está aquí, e morto porque xa nace sabendo que vai ser modificado; di que convirte en norma o que debe ser excepcional e non incorpora os cambios provocados polas últimas sentenzas xudiciais. Como xa dixen no seu momento, referíndome ao dito pola Secretaria no seu informe, este documento é un brindis ao sol e vai ter pouca vida.

Resposta **D. Alberto Blanco** que cos sindicatos chegouse a acordo, participaron na elaboración do documento e contou co apoio do 50% dos representantes sindicais. Non entende que Dª Belén Louzao fale de desviación de poder cando se vai modificar o documento para cumprir coa legalidade e, respecto das sentenzas xudiciais, o que a senteza dí é que o acordo aclaratorio tomado no seu momento non é válido, mais non se fala doutra cousa, non se fala das coantías que corresponderían aos traballadores. Di que utilizaron a liña argumental da ecepcionalidade para poder aumentar un pouco os complementos específicos, en beneficio dos traballadores.

Dª Belén Louzao di que ela non estudou dereito pero que referíndose ao dito pola Secretaria no seu informe, a aparición de prazas non dotadas orzamentariamente na RPT é un brindis ao sol. Di que a lei manda dotalas orzamentariamente, polo que os orzamentos deste exercicio deberían reflexar dito aumento.

Pide, por último, que retire este documento, que faga as modificacións que considere necesarias e que o volva a traer ao Pleno para a súa aprobación inicial, e así non incurrirían nun delito nin en irregularidades manifestas.

O **Voceiro nacionalista** intervén novamente dicindo que non se poden crear novas prazas se non se dotan orzamentariamente, como din os informes, polo que este documento xa nace viciado, e volve a repetir, consecuencia do incumprimento da normativa vixente, é un brindis ao sol.

Segundo D. **Alberto Blanco**, moitas prazas foro creadas por solicitude dos departamentos e dos propios sindicatos. Se non se poden dotar todas, se engadirán só aquelas que se doten orzamentariamente xa sexan dúas, dez ou vinte.

Non habendo máis intervención procedese á votación deste asunto, adoptándose polos votos a favor do Partido Popular e en contra do PSdeG-PSOE, BNG e MÓVETE, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 17/12/2015, en relación co asunto de referencia.

Visto o documento presentado de Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello da Estrada, redactado polo Concello e obxecto de estudo na Mesa de Negociación cos Sindicatos.

Visto o informe de Secretaría Xeral de 28/04/2015.

Visto o informe da Intervención municipal de data 28/04/2015.

Vista a Providencia da Alcaldía, asinada o 14/12/2015.

Visto o informe procedimental da Secretaría Xeral de data 15/12/2015.

Visto que, por imperativo da Setenza 00247/2015, de 5 de novembro, do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, se condena ao Concello da Estrada a tramitar ata o seu fin no prazo máximo de 6 meses o expediente sobre a RPT, sendo necesario, en cumprimento do artigo 90.2 da Lei 7/1985, de 2 abril, de Bases de Réxime Local, que este Concello elabore a relación de todos os postos de traballo existentes na súa organización.

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, adoptado en sesión do 04/01/2016.

ACORDAMOS:

Primeiro.- A aprobación inicial da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello da Estrada.

Segundo.- Exoñer ao público a RPT durante un prazo de vinte días hábiles, a contrar dende o seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os que os interesados poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno deste Concello. A RPT considérase definitivamente aprobada se durante o dito prazo non se presentaran reclamación; no caso contrario, a RPT deberá ser obxecto de aprobación definitiva polo Pleno municipal, previa resolucións das reclamacións, alegacións ou suxerencias presentadas.

Terceiro.- Unha vez aprobada definitivamente, remitirase copia aos órganos competentes da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días. A Relación de Postos de Traballo publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia.

Cuarto.- Conservar as alegacións presentadas anteriormente polos traballadores, ao abeiro do artigo 66 da Lei 30/1992, relativo á conservación de actos e trámites. Ditas alegacións poderán ser tidas en conta no período de exposición pública, sen necesidade de nova presentación, simplemente cun escrito dos traballadores onde se faga mención expresa á súa remisión.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Antes de pasar ao punto de Rogos e Preguntas, o Sr. Alcalde-Presidente pregunta aos membros asistentes a esta sesión plenaria se teñen algunha moción de urxente para levar fóra da Orde Día.

O grupo Popular inclúe a estratexia AESS 2020, pois remata o prazo para a presentación das solicitudes. **D^a Belén Louzao** di que se alegra de que A Estrada opte por concurrir aos FEDER pero lle gustaría ter maior participación neste proxecto, xa que o período de vixencia é moi amplo e poden verse afectados distintos gobernos municipais. Solicita que se voten de maneira separada os tres puntos propostos, aínda que o debate dos tres pode ser conxunto.

O **Sr. Magariños** coincide coa voceira do socialista e lle da ao PP un toque de atención, espera que en próximas ocasións teñan unha maior previsión e non andar a correr.

Votábase conxuntamente a urxencia dos tres puntos que se inclúen fóra da Orde do Día, aprobándose esta polos votos a favor do Partido Popular e as abstencións do PSdeG-PSOE, BNG e MÓVETE.

A.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVA Á SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN FEDER PARA O PROXECTO "AESS 2020".

Explica **D. Alberto Blanco** a memoria EDUSI, contando que inclúe un análise DAFO, despois un estudo medio ambiental, económico e social. Despois implementación da estratexia por medio dun cronograma e a planificación estratéxica.

D^a Belén Louzao di que está de acordo coa solicitude da axuda pero non pode estar de acordo coas propostas plantexadas (marquesiñas amigables, creación parking soterrado, museo de madeira ao aire libre, horta urbán..). Están de acordo en solicitar a subvención pois se é a comisión estratéxica a que vai estudar e decidir, e forman parte dela, poderán chagar a acordos. Di que o proceso de participación non foi limpo, pois nas mesas sectoriais xa se lle deron unhas propostas predefinidas. Falta transparencia na participación social, deixando fora a certas asociacións, que terían algo que dicir. Apoian a solicitude, o compromiso de gasto, pero non a estratexia plantexada.

D^a Mar Blanco, voceira de MOVETE, fai dúas críticas respecto das metodoloxías e do contido.

Respecto da metodoloxía, cré que a enquisa é deficiente, a convocatoria sectoria (non estaban todos), e a participación do Consello Económico e Social e demais grupos políticos reduciuse a unha dación de conta simplemente. Considera esencial a inclusión de todos os grupos políticos na comisión estratéxica. Pregunta tamén canto costou o encargo da estratexia e a memoria?

Respecto das liñas de actuación, enumera varias: renovación rede abastecemento de auga, di que na Estrada dixital tiráronse moitos cartos, cumprir a lei de transparencia, na accesibilidade non entende cómo pode ser que se fixera o novo mercado con barreiras arquitectónicas, no que respecta aos barrios limpos é ilóxico concienciar aos veciños do reciclaxe cando o Concello non se preocupa do punto limpo.

Cree que as liñas de actuación propostas non son as adecuadas, débense fomentar as cuestións sociais. O Concello debe contar cos partidos políticos á hora de determinar as estratexias.

O Voceiro nacionalista, **D. Xosé Magariños** di que se alegra da separación en distintos puntos da proposta. No primeiro e terceiro punto vai a votar a favor, pero discrepa da estratexia plantexada, pois non é unha proposta consensuada.

Di que a matriz DAFO reflexa so a idea do PP do que son as fortalezas e carencias da Estrada. A modo de exemplo di que no punto do Turismo o Entroido do Ulla non aparece, nin o riquísimo patrimonio relacionado co románico. Di que non hai unha gran participación cidadá e espera que se poida corrixir durante o desenvolvemento. Deixouse de lado a Porta do Sol xa que non se nomea a importancia económica que tivo no seu momento para a nosa vila; di que iso se reflexa na zona de viños. Fálase dunha planta de compostaxe, pero non sabe de onde sae dita idea, aínda que lle parece ben; tamén lle parece ben o da EDAP. Fálase dun inventario de punto de luz, pero non se fala de onde está, se son necesarios ou non. Na páxina 59 se roza o absurdo, non se ten idea da economía

da Estrada porque non hai relación algunha. Non se nomea a Cooperativa Monte Cabalar, cando é un exemplo en moitos organismos, nin aos emprendedores no sector do leite...

Espera que o que lea este documento non coñeza A Estrada. Quen goberno ten que ter un peso importante, pero tamén deber terse en conta a visión dos demais grupos políticos, das asociacións, dos expertos e técnicos cualificados.

Cré firmemente que os erros que ten a Memoria pódense corrixir.

Por último intervén o **Sr. Alcalde** dándolle as grazas a todos pola súa posicións construtiva. Agora lle toca a el falar sobre as cousas ou a potencialidade e futuro do noso concello.

Di que foi un proceso con participación pública: 250 persoas participaron nas enquisas, o que foi un éxito ao lado doutras cidades que non chegaron a 100. Convidáronse aos talleres e 100 entidades e participaron 70.

As actuacións que a oposición pon a parir saen case todas destes talleres, as únicas tres que non saen das enquisas e os talleres son:

1. Actuación e mellora de abastecemento de augas.
2. Empregar novas tecnoloxías en recollida de residuos.
3. Constitución da Mesa de Mobilidade.

As demais propostas da estratexia foron incorporadas polos cuestionarios e talleres e, sorprendentemente, son as que non lles gusta á oposición. Isto desmonta a visión que ten a oposición da falta de participación neste proxecto.

Hai dúas cousas a favor, a participación e implicación de todos os grupos políticos e a estratexia flexible, aberta para incorporar proxectos concretos. Isto é unha análise de DAFO, unha pequena memoria é o quid da cuestión estará na seguinte fase, xa que nesta había unha limitación da Memoria a 250.000 caracteres. Na próxima fase fixaranse entre todos as propostas e programas a seguir. Esperemos que do traballo conxunto e do consenso podamos levar este proxecto a bo porto.

Temos unha boa experiencia nos fondos da UE: a Estrada Dixital, CERNES, proxecto coa Universidade de Oporto-USC, de innovación e, ademais, no ámbito rural, queremos seguir con proxecto produtivos. Tamén están en marcha as convocatorias de máis fondos europeos e queremos estar presentes.

É optimista, discrepa da visión da oposición e sabe que a man que votan é sincera, polo que hai que aproveitar o acceso a fondos co superior nivel de financiamento.

Intervén o **Sr. Magariños** dicindo que cré na súa boa vontade para corrixir os erros e que van a saír novas convocatorias, que non nos volva a pillar o tren e comecemos xa a traballar. Insiste no que dixo na Comisión Informativa, cando se fala de risco elevado de cambio de goberno pide que poñe risco moderado, pois eles son responsables do que votan. Di que se todos participan na elaboración da estratexia ese risco sería nulo ou, polo menos, mínimo.

O **Alcalde** pecha o debate contestando á voceira de MÓVETE que o custo da estratexia foi de 17.000 euros, máis o menos.

Pregunta, por último, a **voceira de MÓVETE** se poden colgar o proxecto na páxina web do Concello, ao que o Sr. Alcalde contesta que si.

Non habendo máis intervención procedese á votación deste asunto, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, pola que se convocan as axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020.

Vista a proposta da da Alcaldía-Presidencia.

Visto o Ditame adoptado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión do 11/01/2016.

ACORDAMOS:

Solicitar a axuda do 80% do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao abeiro da Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro (pola que se convocan as axudas para o período 2014-2020), para o Proxecto “AESS 2020”, e que ascende a 6.250.000,00 euros.

B. - DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVA Á APROBACIÓN DA EXTRATEXIA EDUSI DO PROXECTO “AESS 2020”.

Non habendo intervención procedese á votación deste asunto, adoptándose polo votos a favor do Partido Popular, a abstención do PSdeG-PSOE e en contra de BNG E MÓVETE, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, pola que se convocan as axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020.

Vista a proposta da da Alcaldía-Presidencia.

Visto o Ditame adoptado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión do 11/01/2016.

Visto o Acordo adoptado no punto A desta sesión plenaria.

ACORDAMOS:

Aprobar a estratexia EDUSI reflectida no documento adxunto ao proxecto “AESS 2020”.

C. - DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVO AO COMPROMISO DE GASTO PARA O FINANCIAMENTO DO PLAN DE ESTRATEXIA EDUSI DO PROXECTO “AESS 2020”.

Non habendo intervención procedese á votación deste asunto, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, pola que se convocan as axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020.

Vista a proposta da da Alcaldía-Presidencia.

Visto o Ditame adoptado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión do 11/01/2016.

Visto o Acordo adoptado no punto A desta sesión plenaria.

Visto o Acordo adoptado no punto B desta sesión plenaria.

ACORDAMOS:

Facer o compromiso de habilitar crédito suficiente para o financiamento das operacións que se seleccionen dentro do Plan de Implementación da Estratexia EDUSI do proxecto “AESS 2020”, pola contía do 20% do proxecto restante, que ascende á cantidade de 1.250.000,00 euros.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sra. Belén Louzao, voceira do PsdeG-PSOE pregunta que se nas obras que chove dentro están en garantía (Casa do Concello e Novo Mercado), porque non se esixe á empresa a reparación.

Resposta o **Sr. Alcalde** que hai dúbidas pois non son cuestións construtivas senón do proxecto que non estaba ben, polo que non é doado.

Sr. Luis Rendo, concelleiro do PsdeG-PSOE fai un rogo: é a terceira ou cuarta vez que se pide o espello de Castrovite; tamén reitera que se poñan as losetas en Oca e pide, por último, que se faga un cambio nos días de recollida de lixo en Loimil.

Resposta o **Sr. Alcalde** que ás veces facemos o difícil e faiamos no fácil, hai un problema coa construción dunha presa e hai que buscar solución. Xa se ordenou fai varios días ao departamento técnico pero sabe que segue igual.

Respecto ao espello de Castrovite, en decembro se lle dou unha relación de espellos á Brigada de Obras e ía o de Castrovite nesa lista, espera que se poña pronto.

Respecto da recollida de lixo, en Nadal non ten fácil solución, pois os medios que temos son limitados pero lle intentaremos buscar a mellor solución posible.

Intervén a Sra. Mar Blanco, voceira de MÓVETE, fai os seguintes rogos:

- Restauración da Ponte de Liñares.
- Restablecemento de luz e auga no Punto Limpo.
- Sinalización do aparcamento de ambulancias no Centro de Saúde.
- Instar á administración que corresponda para que mellore a visibilidade na carretera da Estrada a Forcarei.
- Limpeza de cunetas en Codeseda - A Grela.

Por último pregunta se hai algún motivo para que a Policía Local non poida usar o novo vehículo. O Alcalde responde que hai tres vehículos novos e, segundo o mando, un debe de estar de reserva.

Unha segunda pregunta é sobre cando vai a traer os Orzamentos. Resposta o Alcalde que irán a Comisión Informativa neste mes de xaneiro.

Respecto dos rogos, o **Sr. Alcalde** responde que os problemas de iluminación da estrada a Forcarei corresponde á Deputación, que xa tiña un proxecto de mellora do pintado. En segundo lugar, di que o da auga no Punto Limpo xa está solucionado e que para a luz é necesaria a autorización de Fenosa. En terceiro lugar, respecto da Ponte Liñares, hai un proxecto de Rede Natura pendente de Patrimonio. Por último, respecto do Centro de Saúde, se plantexa a posibilidade de facer unha segunda actuación para permitir a circulación dentro dos pivotes so das ambulancias.

O Sr. Magariños, voceiro do BNG fai os seguintes rogos:

- Xa pediu nun anterior Pleno a solución dos problemas de circulación na zona de Catro Camiños.

- Respecto dos vehículos da Policía Local pide que se faga un estudo das necesidades do coche, pois non ve iso de telo para os domingos.

- Están os contedores sen recoller dende noite boa en Santeles.

- Hai que facer un estudo dos contedores existentes en San Antón, Gradín, pois quedan escasos.

Resposta o **Sr. Alcalde** que o tema da recollida de residuos é complexo, tanto no ámbito de medios humanos como materiais. Hai que buscar novas opcións, como cambio a contadores de carga lateral, o que é máis fácil e máis limpo pero ten un custo adicional, e o cambio do camión de lixo.

Non habendo intervencións por parte dos Concelleiros, levántase a sesión ás vintedúas horas cincoenta minutos.

A Estrada, 11 de xaneiro de 2016
A SECRETARIA,

Asdo.: Lucía Artime Alonso